

COMUNICADO ORGANIZACIÓN ENTRADAS SAÍDAS CEIP COUCEIRO FREIJOMIL SEGUNDO TRIMESTRE CURSO 20212022

Logo de reunirse representantes do Concello de Pontedeume cos responsables da empresa adxudicataria das obras de saneamento do peirao por parte de Augas de Galicia , Arias SL, e cos responsables de Portos de Galicia para convir a organización das entradas e saídas do CEIP Couceiro Freijomil de cara ao segundo trimestre do presente curso escolar co avance das obras e sendo informados mediante reunión tanto a Dirección do Centro como a ANPA, trasladamos os seguintes acordos de organización:

Reabrir ao tráfico a Avda do Peirao tras a finalización da reposición do adoquinado á altura do CEIP Couceiro Freijomil.

Reservar o espazo de aparcamento para o transporte escolar tal como se viña facendo ata agora , dende a Rúa Galera ata o primeiro paso de peóns da entrada da escola. Prohibirase para este fin o aparcamento nas dúas marxes dese espazo só en horario escolar e en período lectivo,dado que o transporte escolar non pode aínda, por motivos de espazo, dar a volta ao final do peirao namentres non se remate o tanque de tormentas, que se estima ao redor do mes de marzo.

Lembramos que con motivo da tarefa de recollida do alumnado transportado que soe durar uns 20 min, o acceso por esa rúa estará pechado dende as 13, 30 ata as 13,50 aproximadamente, tal como se viña facendo ata agora.

No horario de entrada non haberá cambios e os autobuses realizarán a mesma manobra de entrega do alumnado na confluencia da Rúa Galera.

Pregamos colaboración e pacencia ante esta situación que afecta directamente as nenas e nenos do Ceip Couceiro Freijomil, así como o respecto das normas , axentes e sinais de tráfico que serán reforzadas nesta zona para que o alumnado poida saír e entrar na escola con total seguridade,

Grazas pola vosa colaboración.



CEIP Couceiro Freijomil

